

## A MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS TRATA AS PREVISIÓNS QUE EN MATERIA DE FUNCIÓN PÚBLICA VAI A INCLUÍR O GOBERNO NOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2022

Madrid 06/10/2021

O Goberno (S<sup>a</sup> de Estado para a Función Pública) tras unha breve análise da situación socioeconómica do país, trasladounos, as principais previsións que, en materia de gastos de persoal do sector público e emprego público, ten previsto incluír no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022:

- Incrementos retributivos.
- Oferta pública de emprego.

### UN INCREMENTO RETRIBUTIVO DO 2%

Para o ano 2022 o Goberno expón un incremento do 2% con respecto ás vixentes no ano 2021. Un incremento que se aplicaría a todos os empregados e empregadas públicas e todos os conceptos retributivos.

**VALORACIÓN: Rexeitámola por considerala insuficiente.** Se temos en conta a inflación que non cesa e as previsións de crecemento para 2021 (+ 6,3%) e 2022 (+ 5'9%), estimamos que **existe marxe suficiente para un maior incremento que garanta gañar poder adquisitivo** por parte do persoal empregado público. A este respecto, estimamos que o máis oportuno sería un acordo plurianual que permitise a inclusión de cláusulas de garantía que o fixesen posible.

### UN AUMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, MEDIANTE A FLEXIBILIZACIÓN DA TAXA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS

O Goberno, tras negarse a suprimir a fórmula da “taxa de reposición de efectivos”, e tras a presión sindical de UGT Servicios Públicos, efectúa unhas formulacións, modificando a súa postura inicial, que melloran as de anos anteriores, tal e como queda reflectido no cadro seguinte:

AA. PP.	OPE 2021	OPE 2022 INICIAL	OPE 2022 “FINAL ”	DIFERENCIA OPE INICIAL/FINAL	DIFERENCIA COA OPE 2021
Taxa ordinaria	100%	105%	110%	+ 5%	+10%
Taxa Servicios esenciais <sup>1</sup>	110%	115%	120%	+5%	+10%
Taxa Entidades Locais	110%	115%	120%	+ 5%	+ 10%
Taxa Corpos e Forzas de Seguridade do Estado (policía local e autonómicas)	115%	120%	125%	+5%	+10%
<b>TOTAL</b>				<b>+ 20%</b>	<b>+ 40%</b>

<sup>1</sup> O Goberno mantén os 20 sectores prioritarios que se concretaron tras a ampliación derivada do Acordo de 2018 (Educación, Sanidade, Xustiza, Universidades, Control e loita contra a fraude, prevención e extinción de incendios, Administración Penal, servizos sociais, etc.)

A este incremento da Oferta Pública de Emprego con respecto á do ano 2021, o **Goberno prevé a aplicación dunha serie de medidas adicionais para “flexibilizar e mellorar a xestión do emprego público”** destacando as seguintes:

- **Non consome taxa** de reposición as previsións en materia de emprego que resulten precisas para a **posta en marcha de novos servizos públicos**.
- **Tampouco consome taxa** as necesidades de persoal derivada da **internalización de servizos públicos** (a Administración rescata ou reverte un servizo externalizado).
- **É posible que as distintas Administracións Públicas** aproben unha **taxa adicional vinculada á prevención e extinción de incendios**, con determinados condicionantes.
- A **OPE do ano ordinario** (se é aprobada no 1º semestre) **poderase acumular á pendente** de anos anteriores.

**VALORACIÓN:** Aínda que o **incremento da taxa de reposición é importante** con respecto a anos anteriores e a proposta inicial do Goberno; **seguimos defendendo a necesidade de suprimir a taxa de reposición de efectivos**, xa que é o **principal motivo da mala xestión dos recursos humanos** (temporalidade, precariedade, externalizacións, etc.) e a **insuficiencia** (en canto extensión e calidade) **dalgúns Servizos Públicos**.

## SEGUIMOS ESIXINDO UN CALENDARIO DE NEGOCIACIÓN PARA TRATAR TODAS AQUELAS CUESTIÓN PENDINGES DE SOLUCIÓN

En liña co previsto no **Acordo do 5 de xullo de 2021 (apartado C)**, expuxemos a **esixencia de fixar un calendario de negociación** para o que resta de legislatura para negociar a **recuperación e implantación** de cuestións como:

- **Desenvolvemento** das potencialidades do **EBEP**.
- Impulso á creación do novo **Grupo B do artigo 76** do EBEP (Técnicos Superiores).
- Desenvolvemento da **carreira profesional**.
- **Xubilación anticipada e parcial**.
- Incidencia da **dixitalización das Administracións Públicas**